

RELATORIO DE RETORNO: DEREITO E OPORTUNIDADE

CONCLUSIONS

Galicia, como o resto de Occidente, está a experimentar nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. Estas sociedades están inmersas nunha grave crise demográfica relacionada cos cambios nos marcos de convivencia e no desenvolvemento das estruturas familiares ligadas á evolución do propio Estado do Benestar, pero tamén por aspectos non menos importantes como o atraso na entrada no mercado de traballo, o que provoca dificultades ás persoas mozas na transición cara á vida adulta.

Ante esta situación, a sociedade galega debe ser consciente de que Galicia dispón dun gran activo capaz de converterse nun dos alicerces fundamentais sobre os que afrontar este reto demográfico: os miles de galegos emigrantes e tamén de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da nosa comunidade pero que conservan un forte vínculo coa terra que vío partir aos seus pais e avós.

O Goberno galego debe ver esta oportunidade, o retorno, non como un simple dereito de todos os galegos emigrados, senón que se configura como unha oportunidade extraordinaria que nos ofrece a historia de Galicia para superar o complexo reto demográfico que temos por diante e por iso, no relatorio de Retorno, acórdase:

1. Apoiar os programas e as medidas de todo tipo incluídas na **Estratexia Retorna** da Xunta de Galicia, encamiñadas a facer efectivo o dereito ao retorno a Galicia dos galegos no exterior.

2. As comunidades galegas instan á administración e ás institucións de Galicia á formulación de políticas que en cada momento poidan favorecer o retorno, para que todos os emigrantes galegos e os seus descendentes, que o desexen, poidan volver á terra, en especial:

2.1. Información e asesoramento integral desde Galicia ás persoas que decidan retornar mediante instrumentos que permitan a comunicación e interacción a distancia, fundamentalmente telefónica e telemática, complementadas persoalmente a través das oficinas delegadas da Xunta de Galicia en determinados países e das comunidades galegas, no seu caso.

2.2. Buscar os mecanismos para que as comunidades galegas dispoñan dunha información de calidade que poidan facilitar a todos aqueles galegos que desexen retornar.

2.3. Reforzar o programa de axudas extraordinarias para o retorno, en especial para as familias con fillas e fillos menores, que precisan dun maior apoio para a súa integración en todos os ámbitos da sociedade.



2.4. Ampliar o prazo de solicitude da Tarxeta Benvida para as familias retornadas, xa que o proceso de integración dura máis de dous meses.

2.5. Cambiar a normativa autonómica para que se poida solicitar a situación de parella de feito por parte das persoas galegas retornadas e rexistradas nun concello galego, sen ter que residir dous anos en Galicia antes da solicitude por parte dun dos solicitantes.

2.6. Crear ferramentas mediante as cales a cidadanía galega do exterior dispoña de forma actualizada das ofertas de traballo das empresas galegas integradas nos sectores con máis demanda de empregados.

2.7. Reforzar o protocolo de atención específico por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia para as traballadoras e os traballadores retornados, así como a posta en coñecemento das empresas que ofertan traballo dos beneficios para a contratación de persoas retornadas.

2.8. Reforzar os incentivos específicos dirixidos ás empresas galegas para a contratación indefinida de traballadoras e traballadores retornados.

2.9. Reforzar as axudas dirixidas ás persoas galegas retornadas que queiran poñer en marcha unha actividade emprendedora en Galicia, nos distintos sectores do tecido produtivo de Galicia.

2.10. Reforzar as axudas dirixidas ao retorno das persoas que levan a cabo proxectos de investigación no exterior así como á incorporación destes aos programas de retención de talento.


2.11. Continuar co reforzo das bolsas para cursar estudos en Galicia dirixidas ás persoas residentes no exterior, tanto emigrantes como aos seus descendentes, para motivar o seu retorno a Galicia.

2.12. Incrementar as axudas para o aluguer de vivenda por parte das galegas e os galegos retornados, así como deseñar as medidas que sexan necesarias para facilitar o seu acceso a unha vivenda.

3. As Comunidades Galegas instan ao Goberno de Galicia para que solicite ao Goberno de España a modificación das seguintes políticas, que desalentan o retorno de tantas persoas mozas do exterior:

3.1. Que os servizos diplomáticos consulares faciliten información das axudas de tipo autonómico, en especial da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2. Homologación das titulacións universitarias. Redución do tempo de espera para o proceso de homologación así como establecemento dun procedemento común, en canto ao esencial do, sen depender da universidade na que se faga, que poida facilitar a decisión de retorno.



3.3. Permisos de residencia e traballo para membros de familias mixtas e/ou con fillos sen nacionalidade española. Habilitar un procedemento de concesión inmediata do permiso de residencia e traballo para os membros de familias mixtas, cónxuxes e fillos sen nacionalidade española, facilitando así a súa incorporación á sociedade.

3.4. Permisos de residencia e traballo para as familias con todos os seus membros sen nacionalidade española pero que son descendentes de emigrantes galegos. Habilitar un procedemento de concesión inmediata de permiso de residencia e traballo para os membros destas familias, cando retornan ao noso país.

3.5. Crear medidas e axudas que faciliten o acceso das persoas retornadas a unha vivenda en réxime de aluguer.

3.6. Facer as modificacións necesarias na normativa reguladora da nacionalidade española para recoñecer este dereito a todos os que a perderon ou non puideron adquirila de forma inxusta ou discriminatoria